



Comisario da exposición: Braulio Vilariño
Montaxe: Braulio Vilariño, Francisco Pardo. Instituto de Estudos Ulloáns.

LOMARTI: www.lomarti.es lomarti@lomarti.es

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS: www.ieu.gal institutoulloa@gmail.com


CASTELO DE PAMBRE (Palas de Rei, Lugo) Teléfono: 628262251
Horario de Verán (1/4 ao 31/10): de 11:00-14:00h e de 16:00-20:00h
Horario de Inverno (1/11 ao 31/3): de 12:00h. a 17,30h



JIM SPORTS



Depósito Legal: LU 138-2017





O artista multidisciplinar Lomarti (pintor, escultor, poeta, performer...) ten unhas fondas raíces agrarias; polo que en toda a súa obra hai un continuo diálogo coa terra e coa natureza.

Para esta mostra no castelo de Pambre, dende IEU, fixemos unha escolla de quince obras, tres pinturas e doce esculturas, que representan, aínda que dun xeito leve, dada a inmensa e prolífica creación do artista, dita relación co medio natural.

Nos tres lenzos destacan cores de gran viveza, onde o xestual suxire un movemento estacional da vexetación.

En canto as pezas



materia telúrica -pedra, madeira, ferro- podemos apreciar un percorrido a traveso do tempo creativo do autor. Así atopamos figuración expresionista ou abstracción; liñas puras ou arabescos, e mesmo pezas nas que a cor aporta o fundamental.

Agardamos que esta mínima mostra da prolífica obra de Lomarti sirva para dar unha pequena visión deste creador contemporáneo e universal do interior galego.

Braulio Vilariño



Nacín en Lugo no ano 1957. Empecei na arte en 1970, considérome un artista multidisciplinar de formación autodidacta. Comecei partindo da figuración dende o realismo, o simbolismo, o expresionismo, a pintura da materia e a arte conceptual, para sentir por fin a pureza da cor e as formas no espazo por medio da abstracción lírica -como negación e liberación de

todos os meus anteriores traballos, á que relaciono directamente coa natureza, tentando na execución que a cor flúa en por si coa maior liberdade.



Na miña obra participa a pintura, escultura, performance, fotografía e escritura como parte dese todo que define á arte.

Visto na súa totalidade, desde ese punto caleidoscópico e tan cambiante e ecléctico, é unha aposta arriscada polo difícil de definir cara ao público e á crítica convencional. Gústame presentar as exposicións con elementos e materias moi dispares pero interrelacionados, coma se dunha narración, idea ou concepto se tratara.

Lomarti